

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023.

O día 7 de xullo de 2022 publicouse a Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2022/23.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 26 de setembro de 2022 reuniuse a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas, e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no prazo extraordinario. Dado que non existen persoas excluídas e visto que de acordo co establecido nos artigos 4.4 e 17 da mencionada orde, o número de solicitudes presentadas é inferior ao número de prazas tanto de residencia en pensión completa coma de media pensión/xantar diario non regular ofertadas na convocatoria, a Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 7 de xuño de 2022, facer pública a relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



ANEXO

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario .

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS

Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2022/2023

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CALOCA PRIETO	MARIO	***8372**
2	CASAS GONZÁLEZ	JOSÉ MANUEL	***4376**
3	MOS REGUEIRA	JOSÉ	***8487**
4	PEREIRA MILLÁN	SIMÓN	***6023**
5	QUEIJAS RODRÍGUEZ	YAGO	***2242**
6	SANTOS RIVAS	ÁLVARO	***8479**

- As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da Comisión.

